Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 23 DE OUTUBRO DE 2026 | VIERNES, 23 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 203

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento como funcionarios de carreira de dous policías locais, escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, grupo C, subgrupo C1

ANUNCIO

Nomeamento como funcionarios de carreira de dous policías locais, escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local, grupo C, subgrupo C1

Por resolución núm. 2464 da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior de data 20 de outubro de 2026, resolveuse o seguinte que en extracto di:

"PRIMEIRO.- Nomear como funcionarios de carreira, escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, grupo C, subgrupo C1, unha vez superado o curso selectivo de formación teórico-práctica na AGASP, convocado pola Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública, a:

- *Ramón Fernández Romero, con DNI núm. ***3727****
- *Yago Pérez Dopico, con DNI núm. ***4040****

SEGUNDO.- Notificar esta resolución ás persoas interesadas conforme aos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, e art. 3.2. h) do RD 128/2018, de 16 de marzo, e comunicala aos servizos municipais afectados.

Contra a presente resolución, que é definitiva en vía administrativa, poderá interpoñer, con carácter potestativo, e sen prexuízo de calquera outros que estime oportunos, recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación, ante este órgano, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, ante o correspondente Tribunal de Instancia do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación -artigos 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 209 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa-. Con todo, e para o caso de Administracións Públicas, non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, debendo estarse ao disposto no artigo 44 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

O que se publica para xeral coñecemento.

Culleredo, 20 de outubro de 2026

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2026/6849

Número de anuncio 2026/6849